



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

DODRO

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

EXTRACTO DE LA CONVOCATORIA Y BASES DE LAS SUBVENCIONES, EN CONCURRENCIA COMPETITIVA, A COMISIONES DE FIESTAS O ASOCIACIONES CULTURALES PARA LA ORGANIZACIÓN DE FIESTAS PATRONALES Y POPULARES DEL AYUNTAMIENTO DE DODRO DURANTE EL AÑO 2023

BDNS (Identif.): 724445

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/724445>)

1.- OBJETO

El objeto de estas bases es regular la concesión de ayudas a las comisiones de fiestas o asociaciones culturales del Ayuntamiento de Dodro que organicen las fiestas patronales o populares de tradición y arraigo en el ayuntamiento, durante el año 2023.

Las ayudas consistirán en una aportación económica a las comisiones o asociaciones culturales del Ayuntamiento de Dodro que organicen las fiestas patronales, populares y tradicionales del ayuntamiento para que realicen, dentro de la fiesta popular de que se trate, actividades o espectáculos lúdicos o festivos, que deberán estar abiertos a toda la vecindad de modo gratuito y desarrollarse en lugares de uso público o vecinal.

Esta subvención tiene por finalidad favorecer la iniciativa vecinal organizada mediante comisiones de fiestas o asociaciones culturales del Ayuntamiento de Dodro, para que desarrollen eventos de naturaleza participativa del ayuntamiento, concretamente, sus fiestas patronales o populares tradicionales. Pertenece a la línea única del Área 3 “Juventud y relaciones vecinales”, del Plan Estratégico de Subvenciones del Ayuntamiento de Dodro.

2.- DESTINATARIOS/AS

Podrán ser beneficiarias de estas ayudas las comisiones de fiestas o asociaciones culturales que organicen el programa de actividades de las fiestas patronales y populares del Ayuntamiento de Dodro, siempre que cumplan los siguientes requisitos:

- a) Disponer de personalidad jurídica y capacidad de obrar acreditada mediante la asignación por la Agencia Estatal de Administración Tributaria del Estado del correspondiente número de identificación fiscal (CIF/NIF).
- b) Carecer de fines de lucro.
- c) Estar domiciliadas en el Ayuntamiento de Dodro, tener este ayuntamiento como ámbito de actuación y desarrollar sus actividades regularmente en él.
- d) No tener pendiente de justificar ninguna subvención o ayuda ante el ayuntamiento en el que desarrolla su actividad para el mismo objeto para lo cual solicita la ayuda.
- e) Estar al corriente de sus deberes tributarios, estatales y, autonómicas, con el ayuntamiento, y con la seguridad social.
- f) No estar incurso en ninguno de los supuestos de incapacidad o incompatibilidad para percibir ayudas o subvenciones públicas.
- g) Disponer de un seguro de responsabilidad civil para la realización de la actividad o actividades de la fiesta objeto de la subvención y haber presentado declaración responsable para la actividad o fiesta, que no haya sido denegada.

3.- IMPORTE DE LA AYUDA

El importe total destinado a estas ayudas será de 5.000,00 euros, que actúa como máximo. Esta cantidad será repartida por partes iguales entre todas las entidades solicitantes de la subvención que cumplan los requisitos establecidos en estas bases y en la normativa vigente para obtenerla.

Estas subvenciones se financiarán con cargo a la aplicación presupuestaria 333/48000 “Fiestas populares y festejos”, del Presupuesto General Municipal del año 2023.

4.- CONVOCATORIA Y BASES REGULADORAS

La convocatoria de estas ayudas y las bases que las regulan fueron aprobadas por la Resolución de la Alcaldía del Ayuntamiento de Dodro número 623/2023, de 30 de octubre, y se anunciaron en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña núm. 208 de 31 de noviembre de 2023.

Las bases reguladoras están publicadas en el tablero de anuncios de la Sede electrónica del Ayuntamiento de Dodro (<https://sede.dodro.gal/sxc/gl/informacion/tablon/>), e incluyen los modelos normalizados para la solicitud de la ayuda y su justificación.

5.- FORMA Y PLAZO PARA La PRESENTACIÓN

La solicitud (Anexo I) y el resto de documentación que debe acompañarse a ella (Anexos II, III, IV y V) deberán presentarse en el Registro General del Ayuntamiento (a través de su sede electrónica o de forma presencial), o bien por cualquiera de los medios y lugares previstos en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de procedimiento administrativo común de las Administraciones públicas.

El plazo para la presentación de las solicitudes será de cinco días naturales a contar desde la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña.

Dodro

31/10/2023

Francisco Xabier Castro Tourís

El alcalde

EXTRACTO DA CONVOCATORIA E BASES DAS SUBVENCIÓNS, EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, A COMISIÓNS DE FESTAS OU ASOCIACIÓNS CULTURAIS PARA A ORGANIZACIÓN DE FESTAS PATRONAIS Y POPULARES DO CONCELLO DE DODRO DURANTE O ANO 2023

BDNS (Identif.): 724445

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/724445>)

1.- OBXECTO

O obxecto destas bases é regular a concesión de axudas ás comisións de festas ou asociacións culturais do Concello de Dodro que organicen as festas patronais ou populares de tradición e arraigo no concello, durante o ano 2023.

As axudas consistirán nunha achega económica ás comisións ou asociacións culturais do Concello de Dodro que organicen as festas patronais, populares e tradicionais do concello para que realicen, dentro da festa popular de que se trate, actividades ou espectáculos, lúdicos ou festivos, os cales deberán estar abertos a toda a veciñanza de xeito gratuíto e desenvolverse en lugares de uso público ou veciñal.

Esta subvención ten por finalidade favorecer a iniciativa veciñal organizada mediante comisións de festas ou asociacións culturais do Concello de Dodro, para que desenvolvan eventos de natureza participativa do concello, concretamente, as súas festas patronais ou populares tradicionais. Pertence á liña única da Area 3 “Xuventude e relacións veciñais”, do Plan Estratéxico de subvencións do Concello de Dodro.

2.- DESTINATARIOS/AS

Poderán ser beneficiarias destas axudas as comisións de festas ou asociacións culturais que organicen o programa de actividades das festas patronais e populares do Concello de Dodro, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Dispoñer de personalidade xurídica e capacidade de obrar acreditada mediante a asignación pola Axencia Estatal de Administración Tributaria do Estado do correspondente número de identificación fiscal (CIF/NIF).
- b) Carecer de fins de lucro.
- c) Estar domiciliadas no Concello de Dodro, ter este concello como ámbito de actuación e desenvolver as súas actividades regularmente nel.
- d) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda ante o concello no que desenvolve a súa actividade para o mesmo obxecto para o que solicita a axuda.
- e) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, estatais e, autonómicas, co concello, e coa seguridade social.
- f) Non estar incursos en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.
- g) Dispoñer dun seguro de responsabilidade civil para a realización da actividade ou actividades da festa obxecto da subvención e ter presentado declaración responsable para a actividade e festa, que non fora denegada.

3.- IMPORTE DA AXUDA

O importe total destinado a estas axudas será de 5.000,00 euros, que actúa como máximo. Esta cantidade será repartida por partes iguais entre todas as entidades solicitantes da subvención que cumpran os requisitos establecidos nestas bases e na normativa vixente para obtela.

Estas subvencións financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 333/48000 “Festas populares e festexos”, do Orzamento xeral municipal do ano 2023.

4.- CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS

A convocatoria destas axudas e as bases que as regulan foron aprobadas pola Resolución da Alcaldía do Concello de Dodro 623/2023, de 30 de outubro, e anunciadas no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña núm. 208 do 31 de novembro de 2023.

As bases reguladoras están publicadas no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Dodro (<https://sede.dodro.gal/sxc/gl/informacion/tablon/>), e inclúen os modelos normalizados para a solicitude da axuda e a súa xustificación.

5.- FORMA E PRAZO PARA A PRESENTACIÓN

A solicitude (Anexo I) e o resto de documentación que debe acompañarse a ela (Anexos II, III, IV e V) deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello (a través da súa sede electrónica ou de forma presencial), ou ben por calquera dos medios e lugares previstos no artigo 16.4 da lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións públicas.

O prazo para a presentación das solicitudes será de cinco días naturais a contar dende a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Dodro

31/10/2023

Francisco Xabier Castro Tourís

O alcalde

2023/8666